

## MESA SECTORIAL

04/02/2025

### 1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTAS ANTERIORES.

Aprobáanse as actas das sesións anteriores pendentes de aprobación unha vez feitas as alegacións por parte das organizacións sindicais.

### 2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: DECRETO OFERTA EMPREGO PÚBLICO DOCENTE.

A Administración aclara que o curso pasado houbo entre xubilacións, excedencias e falecementos 1.130 (das cales 1.101 corresponden a xubilacións, 26 a excedencias con praza reservada, 22 de reingreso tras excedencia sen reserva de praza e 25 falecementos). Sumando o 20% adicional (xa que estamos na taxa de reposición do 120%) saen 226 prazas máis que dan o total de 1.356 que se ofertan.



Os datos recollidos no Decreto con respecto á acumulación das prazas de discapacidade sen cubrir do curso pasado non corresponden cos datos calculados por ANPE polo que solicitamos que se revisen os datos aportados e recollidos pola Administración no texto do Decreto.

### 3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ORDE CONVOCATORIA PROCESO SELECTIVO PERSOAL DOCENTE.

A Administración aclara que para facer a distribución das prazas por especialidades tivose en conta o número de interinos en cada unha delas e ampliouse o máximo posible nas 6 especialidades nas que se abriron

recentemente convocatoria de apertura de listaxes. Tamén se sacaron especialidades que, pese a non ter un número moi elevado de interinos, levaban moitos anos sen convocarse.

Tamén se fixo a distribución do 7% das prazas de reserva de discapacidade máis as 78 prazas de reserva de discapacidade que se acumulan porque non se cubriron o curso pasado.

Haberá dúas novidades na instancia de participación: unha será que terán que marcar o consentimento expreso de consulta de antecedentes sexuais, a outra será que os aspirantes que teñan discapacidade intelectual poidan marcar unha pestana para seleccionar dita opción.



Por parte de ANPE comezar denunciando a falta de posibilidade de debate e negociación do reparto de prazas por especialidades (tanto das prazas libres como das de reserva de discapacidade tanto física como intelectual) e o feito de que non se convoquen determinados corpos e/ou especialidades como poden ser, por poñer algún exemplo, latín, debuxo, francés entre outras.

En relación á Orde de convocatoria ANPE reitera que é **importantísimo e fundamental que exista un verdadeiro e efectivo concurso-oposición**. A Administración debe velar polo correcto funcionamento dos tribunais para evitar as múltiples incidencias que se repiten ano tras ano (tribunais que convocan para probas sen respectar a antelación dos chamamentos, probas

## MESA SECTORIAL

04/02/2025

en horarios intempestivos, modificación do tipo de probas, etc).

Para que exista un concurso-oposición real consideramos que se debe reducir o número de opositores a 70 ou 80 por tribunal. Somos conscientes de que unha das causas de que non exista concurso-oposición real é que os tribunais se ven apurados no tempo para rematar un proceso selectivo en menos dun mes, por tanto é fundamental aumentar o número de tribunais para reducir ese "apuro". ANPE Galicia demanda tamén que se nomeen tribunais en todas as provincias e que non se repitan sempre nas mesmas localidades como é habitual en certas especialidades do corpo de profesores de ensino secundario.



**ANPE Galicia considera IMPRESCINDIBLE que todos os membros dos tribunais, sen excepción, sexan nomeados por sorteo.** Neste mesmo sentido, naquelas especialidades nas que sexa necesario o asesoramento especializado estes asesores deben ser coñecidos publicamente para poder estar sometidos ás causas de recusación polos aspirantes no caso de que fose necesario. **É importante tamén que todos os tribunais estean formados por profesorado da propia especialidade, polo que ANPE considera que, de ser necesario, debería traerse a profesorado doutras comunidades antes que nomear a profesorado que non sexa da propia especialidade.** Tamén solicitamos que se adiante, o máximo posible, a data do sorteo dos membros dos tribunais de oposicións previsto inicialmente para o día 10 de abril.

En relación ás renuncias a formar parte dos tribunais, desde ANPE demandamos que se permita renunciar a todos os membros dos equipos directivos dos centros e non soamente aos directores/as. Tamén demandamos que se permita a renuncia no caso de coidado de fillos menores e/ou con grao de discapacidade.



Demandamos que se axilice o pagamento ao profesorado que finalmente forme parte dos tribunais. **A día de hoxe, 4 de febreiro, aínda hai tribunais dos anteriores procesos selectivos que non percibiron as retribucións que lles corresponden.**

ANPE Galicia considera tamén que debe haber uns criterios de valoración das probas comúns para todos os tribunais dunha mesma especialidade así como tamén unhas probas comúns. Debería tamén tratar de garantir o anonimato dos aspirantes na primeira proba. **A Administración resposta que os tribunais son soberanos pero cada vez se coordinan máis para poñer as mesmas probas.**

ANPE Galicia considera que os aspirantes deben ter dereito a coñecer a nota de cada unha das partes da proba coa maior inmediatez posible.

Consideramos que a valoración dos méritos da fase de concurso debe levarse a cabo por parte da Administración como se facía hai tempo e non por parte dos tribunais. Así mesmo consideramos que debería ampliarse o prazo de reclamacións ao baremo provisional. AS follas de autobaremación deben ser orientativas e deben ser revisadas completamente por parte da

## MESA SECTORIAL

04/02/2025

comisión baremadora que mencionamos anteriormente (ou, no caso de que non se acepte a baremación por parte da Administración, por parte dos tribunais). **A Administración resposta que seguirá baremando o tribunal.**


ANPE Galicia demanda que se axilice o tema da adaptación de tempo e medios para os opositores e opositoras que o soliciten. Deben saber con tempo suficiente si se lles autoriza ou non. Tamén é importante que os aspirantes coñezan con antelación suficiente os medios que van a poder utilizar para o desenvolvemento das probas. Os tribunais deben dar a coñecer esta información con suficiente antelación. Tamén se debe facer, o antes posible, os chamamentos para as diferentes probas xa que hai que considera que a maior parte dos aspirantes teñen que desprazarse e, polo tanto, deben facer previsións deste desprazamentos con tempo suficiente.

Demandamos que, aqueles aspirantes que superen a proba de coñecemento da lingua galega nunha convocatoria non teñan que presentarse a dita proba en futuros procesos. **A Administración resposta que a lexislación non o permite xa que indica que é requisito ter o CELGA 4 e, no caso de non telo, hai que presentarse á proba.**

ANPE Galicia ten presentado un recurso contra a Administración (que no caso de non ter resposta favorable pasaremos a recurso xudicial) contra a orde de sistema de cobertura accidental de postos de inspección. Solicitamos que conste en acta que demandamos que, nesta Orde de convocatoria, **SE INCLÚA O PROCESO DE ELABORACIÓN DE LISTAXES DE INTERINIDADES E SUBSTITUCIÓN PARA O CORPO DE INSPECCIÓN. A Administración resposta que non incluírá o texto da elaboración da listaxe de interinidades e substitucións no caso de inspección.**

Con respecto ás Programacións Didácticas desde ANPE demandamos que a Administración revise o que se recolle na Orde de convocatoria xa que, fundamentalmente no caso das especialidades da Formación Profesional non están adaptadas aos currículos vixentes ou á normativa en vigor. Demandamos que se flexibilice o requisito do interliñado nas táboas que se inclúan dentro das programacións presentadas polos aspirantes. **A Administración revisará o tema das Programacións Didácticas.**

En relación ás probas prácticas ANPE considera que hai casos de especialidades nas que as especificacións das mesmas son demasiados xenéricas ou mesmo non se adaptan ao temario das especialidades. É importante tamén que se establezan uns tempos de realización das probas realistas que aparezan claramente na orde de convocatoria. Reiteramos de novo que deben darse instrucións claras aos tribunais para o cumprimento do recollido na convocatoria para evitar modificacións por parte dos mesmos do contido das probas que se produciron en anteriores procesos selectivos.



Demandamos que os e as titores e titoras da fase de prácticas sexan da especialidade correspondente.

Demandamos matrícula gratuíta nos procesos selectivos para todos os desempregados e desempregadas.

Debe ampliarse a casuística de acudir a examinarse no hospital para máis tipos de

## MESA SECTORIAL

04/02/2025

hospitalización e non soamente no caso de hospitalización por maternidade.

En cuanto a custións relativas ao baremo da fase de concurso, ANPE Galicia considera que deben valorarse as titulacións de linguas vernáculas cooficiais do mesmo xeito que as titulacións de linguas estranxeiras. Tamén demandamos que se puntuén do mesmo xeito os servizos prestados por aquelas persoas que, desde unha listaxe única, prestaron servizos como substitutos en dous corpos diferentes (como por exemplo, o profesorado das listaxes de inglés de secundaria que prestan servizos como substitutos nas EOI e teñen a metade de puntuación cando prestan servizos neste corpo e se presentan ao corpo de profesores de ensino secundario). Debería tamén puntuarse todos os mestrados oficiais e non soamente un, así como tamén debería puntuarse o Mestrado de Formación do Profesorado naqueles corpos nos que non sexa un requisito.



Demandamos a valoración do nivel C1 de lingua galega. **A Administración o considera un requisito e non o valorará.**

Desde ANPE Galicia demandamos que se restaure o sistema de comunicación dos opositores/as cos tribunais a través da plataforma dixital habilitada pola Consellería para poder comunicarse de xeito seguro e poder presentar reclamacións. Por outra banda demandamos que **se restaure o prazo de reclamación de notas das probas de dous días que se elimina por primeira vez nesta convocatoria. Tamén que se permita a**

**gravación das probas orais para maior garantía. A Administración indica que hai problemas legais (polo tema de custodia das gravacións) e técnicos polo que, de momento, non contemplan esta posibilidade. Revisarán como redactar o tema dos dous días para “reclamar” ante os tribunais para que os aspirantes non o confunda cun recurso administrativo.**

Para finalizar, facer unha serie de aportacións adicionais: demandar que se amplíe o prazo para poder participar no CADP para os opositores e opositoras que superen o concurso-oposición para que pase a 4 días. **A Administración resposta que non é posible xa que os prazos son moi axustados.**

Deben buscarse locais axeitados para a realización das probas aínda que neste senso mellorouse moito con respecto a anteriores convocatorias.

Hai cambios nas rúbricas que nos preocupan xa que aumentan a puntuación de apartados subxectivos en contra dos obxectivos. Falta as rúbricas para as probas do paso do grupo A2 ao grupo A1. **A Administración resposta que as rúbricas só aparecen na segunda proba e, por este motivo, non aparecen no paso do grupo A2 ao A1.**

Rematar preguntando a data previsible de publicación da Orde e de comezo do proceso. **A data de inicio das probas será o sábado 21 de xuño. Non se pode precisar data de publicación da Orde de convocatoria porque debe aprobar o Consello da Xunta o Decreto da OPE antes.**

### 4º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ORDE DE FORMACIÓN

Como primeira aproximación, consideramos que este novo Decreto se ten feito esperar demasiado tempo. Nos 14 anos de diferenza entre os dous documentos a evolución nas formas, nos obxectivos e nos tempos da formación permanente do profesorado teñen

## MESA SECTORIAL

04/02/2025

mudado dunha maneira case extrema. Como organización sindical cremos que este documento chega tarde e incluso de malas formas.

Trátase dun decreto fundamental dada a transcendencia para os docentes no seu traballo. Por isto, de entrada, non é de recibo que se envíe este documento para ser valorado sen o tempo suficiente. Expresamos a nosa protesta por facerse de costas ao profesorado e que este non teña, nin tan sequera a oportunidade de coñecelo con tempo e participar na súa elaboración.


Este decreto contén numerosas medidas xa postas en funcionamento nos últimos anos (por exemplo os PFPPs) polo que da a sensación de que primeiro se executa e logo se regula. Para nós sempre debería ser ao revés. Regular, poñer en práctica e modificar se é necesario. Con isto evitaremos os cambios que despistan e desorganizan o traballo dos docentes.

Neste tempo, a liña seguida de oferta formativa vai unida a momentos e modas (Ex. Robótica ou formación dixital específica) e non a liñas prioritarias e duradeiras. Agardamos que este decreto serva para cambiar o rumbo, aínda que o poñemos en dúbida ata que o vexamos desenvolto.

Neste contexto, carecemos dunha reflexión previa e profunda sobre o impacto da formación nas aulas. Botamos en falta, despois de 14 anos, unha análise sería a crítica do realizado, non soamente coa superficialidade que mostran datos e estatísticas. Semella que ninguén nas diferentes administracións educativas do pasado e tamén do presente se teña preocupado ou, cando menos, reflexionado sobre a formación feita.

Elementos sen corrixir ou nin tan sequera tratados neste decreto son: a formación inicial do profesorado, a pontenciación das linguas propias e, prioritariamente, a lingua galega,

especialmente nas circunstancias actuais nas que o seu uso está a ser cada vez máis minoritario, a reflexión e difusión dos resultados da formación realizada e recibida ou a creación de condicións necesarias para a participación do profesorado dentro do horario lectivo. Chámanos a atención especialmente a crecente e enorme carga burocrática que supón a realización das actividades de formación, agudizada polo seu desprazamento directamente aos centros educativos. Actualmente é unha situación urxente a resolver e continuamente demandada polo profesorado de todos os corpos. **A Administración incluírá mención específica no preámbulo do decreto á realidade sociolingüística galega.**



Parécenos positiva a regulación da figura da persoa coordinadora de formación. Acaba co baile de cargos que confunden ao profesorado e dilúen as súas funcións (por exemplo, na actualidade temos responsables ADIX, AMTEGA, de Polos Creativos e de Formación). Agora ben, condicionamos o noso apoio a esta medida se no seu desenvolvemento se lle outorgan as compensacións administrativas e económicas xustas e imprescindibles.

Se algo quedou demostrado co paso dos anos e que o profesorado tómase en serio a súa formación, adícalle tempo e traballo, esmérase en desenvolve-la de forma profesional. Por isto, esta administración ten a responsabilidade de estar, como mínimo, á mesma altura.

Entrando no articulado:

## MESA SECTORIAL

04/02/2025

No artigo 2.2 demandamos eliminar “excepcionalmente”. Entendemos que calquera persoa das incluídas neste artigo debe ter acceso, como mínimo, nas mesmas condicións que na actualidade.



Artigo 2.3: demandamos suprimir este apartado. Estamos cun decreto por e para a formación do profesorado, tanto na finalidade como nos obxectivos. A inclusión doutros destinatarios non corresponde a este ámbito. Para nós este punto é innegociable. Tamén aproveitamos para preguntar onde inclúe a Administración educativo ao persoal laboral dos centros, como o profesorado de relixión. Este profesorado ve retido na súa nómina o 0,1% para a formación pero despois vense relegados a optar a determinada formación soamente cando quedan prazas desertas. **A Administración aclara que habrá formación específica, ademais de que poderán participar no resto de actividades, para o profesorado de relixións.**

Artigo 3.1 e Artigo 5.a): O uso de termos como “nova” e “novos” non nos parecen procedentes. Os retos educativos na sociedade actual xa o presupón. Hai retos que non sendo “novos” requiren da súa atención de forma continuada. Por exemplo, a potenciación da lingua propia, as competencias relacionadas coa lectoescritura ou a atención á diversidade.

Artigo 5: Debe incluírse un obxectivo relativo á formación inicial do profesorado que accede por primeira vez á docencia desde os procedementos administrativos establecidos ao respecto. **A Administración resposta que non é**

**cuestión deste Decreto pero que están traballando con outras administracións ao respecto deste tema.**

Artigo 7.2: No que se refire ao plan estratéxico cuadrienal, as organizacións sindicais presentes na mesa sectorial deberían participar, como representantes de todo o profesorado, na súa elaboración e seguimento.

Artigo 13.a) e Artigo 15.a): Debe engadirse a “difusión entre o profesorado para facelo participe das súas necesidades”.

Artigo 18.2: Entendemos que a persoa secretaria debería exercer o seu cargo en exclusividade sen actuar como persoal asesor.

Artigo 21.4: Solicitamos engadir “os recoñecementos administrativos e económicos que se determinen”.

Artigo 24: Debe incluírse a difusión entre o profesorado dos resultados no que se refire á avaliación dos plans de formación.

Disposición Transitoria Primeira e Disposición Transitoria Segunda: estamos en desacordo coa calendarización que se establece aí e a limitación temporal para desempeñar un posto. Debería haber un bo sistema de avaliación do desenvolvemento dos postos pero non establecer límites temporais.

Cremos que a redacción “docencia directa” dentro dos requisitos de participación non é a máis correcta. **A Administración resposta que se refire á xente que desempeña as súas funcións nos centros educativos pero mellorarán a redacción porque hai persoal, como o de orientación, que non ten docencia directa pero que podería participar. Tamén aclara que estudarán se os 6 anos de funcionario que se requiren como requisito serán de funcionario de carreira ou de funcionario “a secas”.**

## MESA SECTORIAL

04/02/2025

Disposición Transitoria Tercera: Parécenos que os sistemas de avaliación establecidos comprometen a independencia e as obrigas do persoal asesor docente dentro do exercicio das súas funcións. Temos moitas dúbidas sobre o verdadeiro obxectivo desta medida. **A Administración aclara que, aínda que fala de 4+4, haberá unha avaliación anual e na Orde de desenvolvemento se recollerán os criterios da mesma.**

Para rematar cremos que se deben elaborar listaxes de substitucións para cubrir as baixas do persoal asesor constituídas por xente que participou no proceso. **A Administración non incluírá no texto da orde a elaboración de ditas listaxes.**

Tamén cremos que este decreto debería falar tamén de teletraballo e regulalo para este tipo de persoal. **A Administración resposta que hai unha regulación xeral para a Administración pública. Se un docente non teletraballa un asesor non debería teletraballar.**

### 5º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- Demandamos que se faga extensible o pagamento do complemento compensador a todo o profesorado que imparte na formación profesional.
- Denunciar as presións que está sufrindo profesorado nomeado pola Consellería de Educación en Centros de Formación Agraria para que cumpran 30 horas de permanencia semanal nos centros. Entendemos que o profesorado nomeado pola Consellería debe cumprir o mesmo horario independentemente do centro no que desempeñen as súas funcións. **A Administración consultará o tema coa inspección educativa para coñecer a situación.**
- Demandamos axilizar a elaboración do Plan de Igualdade.
- En relación ao CXT demandamos unha reunión o antes posible sobre as prazas estruturais. Tamén hai que resolver cuestións e problemas que se están a producir antes da resolución provisional (por exemplo en cuestións relativas á competencia dixital docente onde a Administración saca unha modificación posterior ao prazo). **A Administración resposta que ten feito o estudo das prazas estruturais que levan máis de tres anos porque eran as que urxían pero non ten problema en convocar unha reunión para abordar todas as cuestións relativas ás prazas estruturais.**
- Demandamos que a Administración cumpra o compromiso, xa manifestado a finais do curso pasado, de abordar a actualización da normativa de licenzas e permisos.
- Demandar novamente que se aborde a cuestión da compatibilidade do profesorado galego para facilitar o tema.
- Denunciar novamente que desde a Dirección Xeral de Formación Profesional se está pedindo ao profesorado que asine un documento falso asumindo funcións non realizadas e cunha data anterior á actual. Esta cuestión xa ocorreu o curso pasado e volve a ocorrer este curso.



**MESA SECTORIAL****04/02/2025**

- Denunciar tamén que hai persoal docente de Orientación Educativa ao que lle obrigan a facer gardas e outras funcións diferentes das que lles competen en contra dunha circular asinada pola Dirección Xeral e cando hai sentenzas que o indican. Levamos metade dun curso para solventar a situación e seguimos igual.

